



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 29 DE XULLO DE 2021

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non asisten pero xustifican a súa ausencia don Ramón Lago Tajés (PSOE) e don José Antonio Uhía Martínez (CXG).

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ORDE DO DÍA

A. Parte Dispositiva

PRIMEIRO. Aprobación da acta anterior núm. 9 de sesión de Pleno ordinario do 24 de xuño de 2021

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 9 de sesión de Pleno ordinario do 24 de xuño de 2021 que se presenta para que o Pleno a aprrobe, e non habendo máis observacións, apróbase a acta núm. 9 de sesión de Pleno ordinario do 24 de xuño de 2021 por unanimidade dos membros presentes.

SEGUNDO. Fixación dos festivos locais no concello de Muros para o ano 2022

Intervén a señora alcaldesa dona Inés Monteagudo Romero para dicir que este punto consta co ditame da comisión informativa correspondente que é do teor literal seguinte:

“Visto que Consta no expediente providencia da alcaldía de data 20 de xullo de 2021 solicitando o informe da secretaría xeral sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o informe de Secretaría Xeral 43/2021 do data 21 de xullo de 2021 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

En base ao exposto, emítase a seguinte proposta de acordo:

Primeiro. Que polo pleno do Concello de Muros sen quórum especial se fixen como días de festivos locais para o 2022 de carácter retributivo e non recuperable no concello de Muros o 29 de xuño, mércores (San Pedro) e o 18 de xullo, luns (Santa Mariña de Esteiro).

Segundo. Dar traslado do acordo á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia aos efectos de fixar calendario laboral 2022.

Terceiro. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

Intervén a Sra. González para dicir que está de acordo coa proposta.

Intervén a Sra. Lago di que están totalmente a favor de descentralizar os festivos e darlle festivos ao resto das parroquias, polo que dado que o día 18 de xullo é o día de Santa Mariña de Esteiro, eles están dacordo que por unha vez o festivo vaia para unha parroquia que non sexa a de Muros.

Intervén a señora alcaldesa para dicir que coincide ademais que o día 24 de xuño, día de San Xoan, é tamén festivo autonómico tamén e festivo na parroquia de Serres, así que habería o festivo de San Pedro de Muros, o de Serres e o de Esteiro.

Dilixencia para facer consta que entran no salón de plenos e toman asento, sendo as vinte horas e trinta e seis minutos, a concelleira do grupo municipal CXG dona María Xosé Alfonso Torres e o concelleiro don José Manuel Quintela Fernández.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Segue a súa intervención a alcaldesa para explicarlle os concelleiros/as que acaban de tomar asento que se aprobou a acta da sesión anterior e que estase a debater o punto da fixación dos festivos locais para o ano 2022, preguntando se queren facer algunha intervención, respondendo a voceira de CXG, dona María Xosé Alfonso Torres que non, que non hai problema.

Rematadas as intervencións o pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (3), grupo municipal CXG (2) e grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

Fixación dos festivos locais no concello de Muros para o ano 2022:

Visto que consta no expediente providencia da Alcaldía do 20 de xullo de 2021 solicitando o informe da Secretaría xeral sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o informe da Secretaría xeral 43/2021 do 21 de xullo de 2021 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o ditame da comisión informativa que consta no expediente, o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que polo pleno do Concello de Muros, sen quórum especial, se fixen como días de festivos locais para o 2022 de carácter retributivo e non recuperable no concello de Muros o 29 de xuño, mércores (San Pedro), e o 18 de xullo, luns (Santa Mariña de Esteiro)

SEGUNDO. Dar traslado do acordo á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia aos efectos de fixar calendario laboral 2022.

A) Mocións de urxencia

Non se presentan

B) Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Neste punto a señora alcaldesa deixa constancia da presentación da renuncia ao cargo de concelleiro do grupo municipal CXG don José Antonio Uhía Martínez e do informe da Secretaría xeral que se enviou a todos os/as concelleiros/as da corporación sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir que é o seguinte:

“En base á lexislación aplicable e a fundamentación xurídica esta Secretaría eleva ao pleno ordinario a celebrar o 29 de xullo de 2021 a que se tome razón do seguinte:

PRIMEIRO. Toma de razón da renuncia presentada o 27 de xullo de 2021 polo concelleiro pertencente á candidatura de compromiso por Galicia, don José Antonio Uhía Martínez.

SEGUNDO. Remitir certificación desta toma de razón á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición da concelleira da seguinte candidata da lista electoral de Compromiso por Galicia, dona María Sambade LLoréns.”

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

TERCEIRO.a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 693 do 18 de xuño de 2021, ata o núm. 839 de 23 de xullo de 2021, das Xuntas de Goberno Local núm. 17 do 18 de xuño de 2021, a núm. 18 do 2 de xullo de 2021 e a núm. 19 de 8 de xullo de 2021

CUARTO.Rogos e preguntas

Contestación dos rogos e preguntas formuladas na sesión do pleno ordinario anterior grupo municipal socialista:

A Sra. alcaldesa di que a Sra. González preguntou se se reanudou algunha conversa con Espina& Delfín, e di que si se retomaron a partir do nomeamento do secretario-interventor do Concello de Carnota.

Preguntou polos pregos do bar San Francisco, e contesta que a memoria está redactada e despois sairá a proposta de concesión.

Contestación dos rogos e preguntas formuladas na sesión do pleno ordinario anterior grupo municipal CXG:

A Sra. alcaldesa di que a Sra. Alfonso preguntou pola parcela que hai ao lado da unitaria de Tal, e di que fixeron unha proposta de convenio segundo o último escrito que recibiron do Arcebispado aceptando a cesión e están agardando a resposta.

Preguntou se tiñan previsto levar a cabo cursos de lingua de signos, e contesta que coa situación actual non o valoraron.

Preguntou como vai o tema da RPT, e responde que xa llo dixo en varias ocasións que acordaron coa mesa de persoal retomalo en setembro.

Contestación dos rogos e preguntas formuladas na sesión do pleno ordinario anterior grupo municipal BNG:

A Sra. alcaldesa di que a Sra. Lago preguntou polo poste de Ventín, e di que xa está sacado e sacaron outro en Louro, xunto o Sahorta.

Preguntou polas obras do Eleuterio Balayo, e contesta que aínda teñen que sacar a licitación.

Preguntou polos residuos no monte, e di que como xa sabe, hai unha actuación de Seprona e estarán ao que determine a investigación.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal socialista:

A Sra. González roga que se poñan co pagamento dos trienios e das sentenzas firmas e rogan que se comece coa peatonalización da rúa de arriba.

A Sra. alcaldesa responde que xa está en licitación. Tamén di que nesta nómina xa se actualizaron os salarios segundo o orzamento e esperan nas próximas nóminas regularizar esas situacións.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal CXG:

A Sra. Alfonso di que non teñen preguntas.

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal do BNG:

A Sra. Lago di que a antiga escola da Robaleira ten as fiestras todas rotas e os cristais caídos pola rúa polo que é unha zona de risco para as persoas, e rogan que a adecenten.

Rogan tamén que se limpen os parques e os accesos ás praias de maneira máis habitual.

E pregunta que pasa coa zódiac de socorrismo e se se lle vai proporcionar un DEZA para este servizo.

A Sra. alcaldesa di que non sabe que pasa coa zódiac e non sabe nada do DEZA.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte horas e corenta e dous minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente